

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**UNIVERSIDADE DE VIGO**

RESOLUCIÓN do 19 de decembro de 2022 pola que se anuncia a convocatoria do proceso selectivo para o ingreso, por promoción interna, como persoal de administración e servizos.

Esta reitoría, en uso das competencias atribuídas polo artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, así como polos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, da Xunta de Galicia, aprobou o 15 de decembro de 2022 a convocatoria dun proceso selectivo para o ingreso, por promoción interna, como persoal de administración e servizos nas prazas que se enumeran no anexo.

As solicitudes presentaranse no prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao data de publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, e dirixiranse ao reitor magnífico da Universidade de Vigo, na forma e lugar que determinan as bases da convocatoria.

As bases completas da convocatoria publicaranse no taboleiro de anuncios electrónico da Universidade de Vigo: <https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>, así como na seguinte páxina: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/tipo/convocatorias-pas>

Vigo, 19 de decembro de 2022

Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor da Universidade de Vigo

ANEXO**Prazas**

SG: subgrupo

A. Libre: acceso libre

CX: cota xeral

P: número de prazas

D: cota reservada a persoas con discapacidade

PI: promoción interna

SG	Escala	Subescala	P	P. interna	
				CX	D
A1	Facultativa de arquivos, bibliotecas e museos	Biblioteca	11	10	1
A1	Técnica de xestión	Administración	4	4	-



SG	Escala	Subescala	P	P. interna	
				CX	D
C1	Técnica especialista de servizos xerais	Conserxería	2	2	-
C1	Técnica especialista de tecnoloxías da información e comunicacións	Informática	1	1	-

